

**ESQUEMA DE TRABALLO EN EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)**  
**3º DE E. PRIMARIA**  
**EQUIPO DOCENTE: PLÁSTICA**

**MATERIAIS:**

- Material específico de Plástica (témperas e acuarelas, rotuladores, pinceis, ceras duras e brandas, papeis de diferentes texturas...).
- Recursos audiovisuais e material multimedia.
- Materiais de refugallo.
- Xogos.

**PLAN DE TRABALLO:**

Todas as sesións comezarán cunha rutina de saúdo e algún tipo de actividade que serva de motivación para recordar o vocabulario e expresións traballadas en sesións anteriores e así, poder facilitar a comprensión oral e a súa correspondente produción oral.

Ao longo deste curso escolar centrarémonos na **vida e obra dos/as pintores/as** máis relevantes ao longo do tempo, buscando a elaboración, por parte do alumnado, de traballos finais.

Para traballar o tema mencionado con anterioridade, as clases realizaranse dun xeito dinámico tentando a implicación do alumnado no desenvolvemento delas.

As actividades serán variadas, intentando acadar prácticas de traballo individual e cooperativo. Ditas actividades serán realizadas nas propias aulas do correspondente curso.

Durante este curso escolar tentaremos acadar os seguintes **obxectivos**:

- Impartir a plástica en inglés, intentando que o alumnado sexa quen de expresarse o máis posible nesa lingua.
- Dar a coñecer a traxectoria e obra dos pintores e das pintoras máis relevantes ao longo do tempo, procurando a realización de traballos finais inspirados nas súas pinturas.
- Facer un uso axeitado e responsable dos recursos dispoñibles, procurando que o alumnado deixe todo limpo e recollido ao final de cada sesión.
- Aproveitar o máximo posible a presenza do profesor nativo, involucrándoo no desenvolvemento das clases e facilitando achegas da súa iniciativa.
- Conmemorar diferentes tipos de celebracións, tanto galegas como aquelas propias da cultura anglosaxoa.
- Fomentar a presenza da lingua inglesa non so nas horas correspondentes, senón tamén integrándoa no día a día do centro.
- Facer da arte un elemento do que o alumnado é partícipe, elaborando traballos e expoñéndoos polo centro, á vista de todo o alumnado.

**CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta materia deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

<b>BLOQUES DE CONTIDOS</b>	
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación e comentarios posteriores das obras artísticas no contexto, en exposicións ou en museos.</li> <li>• Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto.</li> <li>• Valoración e respecto polas obras plásticas.</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. EDUCACIÓN PLÁSTICA Y VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso de diferentes formas, texturas e cores na produción.</li> <li>• Selección e uso responsable de materiais axeitados para a elaboración das súas obras artísticas.</li> <li>• Valoración do traballo individual e grupal e respecto cara os demais.</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN Y ANÁLISIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias de recepción activa.</li> <li>• Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.</li> <li>• Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> </ul>

A planificación para o traballo dos pintores quedaría da seguinte maneira:

--	--	--

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- O referente da avaliación serán os estándares de avaliación, tendo en conta os estándares mínimos e a ponderación dos bloques de contidos.
- A superación dos estándares mínimos marcará o suficiente (SUF) na materia. O grao de consecución do resto dos estándares implicará unha subida gradual nas cualificacións: B, NOT e SOB.
- Será moi importante a actitude do alumnado cara a asinatura, así como o seu esforzo e traballo nas tarefas.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Buscarase en todo momento facer partícipe ao alumnado da súa propia avaliación: coavaliación e autoavaliación.

A observación directa no día a día, a escala de observación o rexistro anecdótico persoal, e os intercambios orais serán os instrumentos que determinen o grao de consecución dos obxectivos.

BLOQUES DE CONTIDOS	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISE</b>	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais. Producións audiovisuais.	25
<b>BLOQUE 2. EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN</b>	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais. Producións artísticas.	25
<b>BLOQUE 3. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: PERCEPCIÓN E ANÁLISIS</b>	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais. Producións artísticas.	25
<b>BLOQUE 4. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL: CREACIÓN E INTERPRETACIÓN</b>	Escala de observación. Rexistro anecdótico. Intercambios orais. Producións artísticas.	25

Ao final de trimestre teremos en conta o traballo cotiá, a actitude na clase e a participación nas actividades.

